



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

CERTIFICACIÓN

Eva Jardón López, secretaria acumulada do Concello de Carral, **CERTIFICO** que a XUNTA DE GOBERNO LOCAL en sesión Ordinaria 21/2025, celebrada o martes 23 de decembro de 2025 **ACORDOU**:

<<2.3.- Proposta a XGL de aprobación e pagamento de subvencións nominativas a entidades medioambientais ao abeiro convocatoria subvencións ás entidades sen ánimo de lucro do concello de Carral para a promoción e difusión da cultura, promoción e difusión da actividade física e o deporte e para actividades medioambientais no ano 2025.

Dase conta de contido da proposta relacionada con este punto da orde do día que se reproduce literalmente:

“ASUNTO: Informe proposta

Expediente: subvencións ás entidades sen ánimo de lucro do Concello de Carral para actividades medioambientais no ano 2025.

Expediente: 2025/A002/000004

Visto que con data 27 de maio de 2025 no BOP no 99 se publican bases reguladoras da convocatoria de subvencións ás entidades sen ánimo de lucro do concello de Carral para a promoción e difusión da cultura, promoción e difusión de actividade física e o deporte, e para actividades medioambientais no ano 2025 co obxecto, no eido do medio ambiente o de protección, concienciación e divulgación ambiental a través de fomento da participación en medio ambiente, colaborar con actividades medioambientais no ámbito educativo, fomentar a participación da mocidade na dinámica medioambiental, fomentar a reforestación con árbores autóctonos e o coidado e mantemento dos terreos cedidos en custodia polo Concello de Carral

Visto que estas bases foron aprobadas en Xunta de Goberno Local, de data 22 de maio de 2025, sesión ordinaria 10/2025 ao abeiro do Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Carral, para os exercicios 2023/2026, publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o 8 de novembro de 2023 e efectuar a súa convocatoria.

Vistas as devanditas bases que se publicaron no Boletín Oficial da Provincia da Coruña)(nº 99, do 27 de maio de 2025), e que a convocatoria se publicou, mediante extracto (previa comunicación á Base de Datos Nacional de Subvencións , que lle otorgou o identificados BDNS (Identif. 836608) no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (n.º 106, do 5 de xuño de 2025)



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Visto que a concesión de subvencións para fomento de actividades relacionadas co medio ambiente imputarase á aplicación orzamentaria 170.48011 ata o límite de 2.400 euros.

Visto que mediante Decreto de alcaldía expte. 2025/G003/000556, de data 12 de novembro de 2025, se resolve:

O outorgamento das seguintes subvencións ás entidades sobre o crédito de 2.400€ condicionando o pago a que acrediten estar ó corrente da súas obrigas con ATRIGA antes do 21 de novembro do 2025.

- Asociación Custodia do Territorio Brexa: 1.200,00 €
- Asociación Salvemos o Val de Barcia e o Monte Xalo: 1.200,00 €

Visto o artigo 8 das bases subvencións, segundo o cal:

O prazo de presentación da xustificación rematará o 21 de novembro.

As xustificacións deben presentarse a través da sede electrónica.

Todos os formularios que se acheguen deben estar asinados dixitalmente polas persoas responsables.

- Deberán aportarse os seguintes documentos:

Anexo 6

Anexo 7

Facturas ou equivalente

Xustificante de pago

Vistos os informes favorables asinados polo mesmo técnico municipal que asina o presente informe-proposta, nos que se determinan a validez da documentación xustificativa presentada por cada entidade subvencionada. Os devanditos informes están incorporados ao expediente 2025/A002/000004.

Por todo o anterior propónse a Xunta de Goberno Local que adopte, previa fiscalización da intervención municipal, en virtude das competencias atribuídas entre outros os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar as xustificacións presentadas polos seguintes importes:

Entidade / Importe €

- Asociación Custodia do Territorio Brexa: 1.200,00 €
- Asociación Salvemos o Val de Barcia e o Monte Xalo: 1.200,00 €



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

SEGUNDO.- Ordear á Tesourería municipal o pagamento das axudas seguintes:

Entidade / Importe €

- Asociación Custodia do Territorio Brexa: 1.200,00 €
- Asociación Salvemos o Val de Barcia e o Monte Xalo: 1.200,00 €

TERCEIRO.- Notificar esta resolución ás persoas interesadas mediante publicación deste decreto e do seu anexo no taboleiro de anuncios do Concello de Carral (de acordo coa base IX.1 e o art.45.1.b) LPACAP), sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan ter acceso ao expediente a efectos de reclamacións ou recursos, no seu caso. Aos efectos do cumprimento do establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, as persoas interesadas identifícanse mediante o seu nome e inicial do primeiro e segundo apelido.

CUARTO .- Encomendar á Intervención do Concello a comunicación á Base de Datos Nacional de Subvencións dos datos que procedan sobre o outorgamento das axudas derivadas da convocatoria de referencia, en aplicación do establecido no artigo 10.1.par 2o do Real Decreto 130/2019, do 08 de marzo, polo que se regula a base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.

QUINTO.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión que se realice. O cal, se fai constar, para que se tome en consideración aos efectos oportunos.

Carral, asinado dixitalmente na data que figura á marxe.

María José Couto López

Técnica de Medio Ambiente”

Sen máis intervencións por unanimidade a Xunta de goberno local ACORDOU:

PRIMEIRO.- Aprobar as xustificacións presentadas polos seguintes importes:

Entidade / Importe €

- Asociación Custodia do Territorio Brexa: 1.200,00 €
- Asociación Salvemos o Val de Barcia e o Monte Xalo: 1.200,00 €

SEGUNDO.- Ordear á Tesourería municipal o pagamento das axudas seguintes:

Entidade / Importe €

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

- Asociación Custodia do Territorio Brexa: 1.200,00 €
- Asociación Salvemos o Val de Barcia e o Monte Xalo: 1.200,00 €

TERCEIRO.- Notificar esta resolución ás persoas interesadas mediante publicación deste decreto e do seu anexo no taboleiro de anuncios do Concello de Carral (de acordo coa base IX.1 e o art.45.1.b) LPACAP), sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan ter acceso ao expediente a efectos de reclamacións ou recursos, no seu caso. Aos efectos do cumprimento do establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, as persoas interesadas identifícanse mediante o seu nome e inicial do primeiro e segundo apelido.

CUARTO .- Encomendar á Intervención do Concello a comunicación á Base de Datos Nacional de Subvencións dos datos que procedan sobre o outorgamento das axudas derivadas da convocatoria de referencia, en aplicación do establecido no artigo 10.1.par 2o do Real Decreto 130/2019, do 08 de marzo, polo que se regula a base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.

QUINTO.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión que se realice. O cal, se fai constar, para que se tome en consideración aos efectos oportunos.>>

E para que conste, asino o presente certificado co visto e praxe do alcalde, coas limitacións do establecido no artigo 206 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento, organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Concello de Carral, martes 23 de decembro de 2025

A secretaria acumulada, Eva Jardón López	V.P. O alcalde, José Luis Fernández Mouriño
---	--